

Con licor

Sabores de parodia



PILAR PONTE

Opasado mes de novembro o xurado do XIII Premio Lueiro Rey de Novela Curta convocado polo concello do Grove e Sotelo Blanco Edicións formado por Xesús Alonso Montero, Manuel Quintáns Suárez, Francisco Martínez Bouzas, Armando Requeixo e Paulino Martínez Pereiro decidía outorgarlle un acésit á obra *Licor de abelá con xeo* de Xurxo Sierra Veloso.

A obra xira ao redor das circunstancias que envolven a entrega do Premio de Novela Leira da Chave nunha vila denominada Pousadoiro que ben pode ser trasunto de calquera das vilas galegas actuais con premio literario ad hoc. A peripecia é o envelenamento de tres membros do xurado por parte dun autor resentido ante o seu reiterado fracaso en varios certames. Ao carón deste fio argumental ofrécense outras dúas historias de maior calado, unha é a loita dun individuo coa súa necesidade de crear e se ver recoñecido pola sociedade e outra, a historia dun amor adolescente de verán. Esta parodia dos



certames literarios non esquece retratar os que xa podemos considerar tipos da nosa paisaxe cultu-

ral a través dos diferentes integrantes do xurado e mesmo o alcaide metido a intelectual forzoso. A estrutura da obra a modo de crebacabezas vai unindo pezas que de primeiras non semellan ter ningunha relación ata configúran un todo harmónico, o que a achega moito á

técnica cinematográfica que puidemos ver recentemente en filmes como *Crash*. Tampouco

está exenta a obra dunha comicidade moi sutil que podemos atopar en personaxes como o concelleiro de cultura asemade propietario dunha empresa de servizos funerarios.

O autor, non excesivamente coñecido polo gran público, xa nos tiña ofrecido con anterioridade a novela *Os ollos do rei de copas* (1994) publicada por Edicións do Cumio así como tamén algunha tradución aparecida editorial Xuntanza de autores clásicos gregolatinos. Tamén nos podemos achegar a este escritor e a súa obra a través do seu blog no enderezo electrónico <http://reidecopas.blogspot.com>. As últimas noticias que temos é que un xurado composto por Camiño Noia, Isidro Novo, Xosé M. Dobarro, Anxo Tarrío e Armando Requeixo vén de concederlle ao autor o Premio Risco de Creación Literaria 2006 á súa novela *Os mércores de Fra*. Xurxo Sierra desde logo está de noraboa.

SIERRA VELOSO, Xurxo, Licor de abelá con xeo, Ed. Sotelo Blanco, Santiago, 2006, 158 páxinas